



## Entrevista a Begoña Caamaño

Inauguramos **nova sección na nosa web con entrevistas ás escritoras que participaron na Axenda Feminista 2013 sobre Escritoras Galegas**. Desta volta con **Begoña Caamaño**, a nosa escritora do mes de **marzo** á que lle dicamos a **campaña "Libre é a miña alma, e libre é o meu pensamento..."**. Mil grazas de novo, Begoña, polo teu tempo!



**OMI: Cal é o teu proceso de creación? Onde che gusta máis escribir? Como concibes cada libro e o desenvolves?**

BC: É un proceso diverso. Recoñezo que non sigo ningunha metodoloxía estricta. Ás veces é unha idea longamente alomada na cabeza durante anos a que vai tomando corpo...outra unha frase captada ao chou a que fai xermolar a idea...

O que si é unha rutina é o estudo. Antes de sentarme a escribir o primeiro borrador da novela procuro documentarme, ler moito sobre o tema e mesmo facer un esquema das personaxes...as súas características físicas e psicolóxicas máis relevantes para logo non caer en incoherencias. Tomo moita nota en papel.

En calquera lugar, nunha cafetería, mirando a tele, lendo un libro, na cama...Logo xa, no medio dunha maraña séntome diante do ordenador con certa constancia e disciplina. A miña primeira novela, *"Circe ouo pracer do azul"*, foi escrita case integramente nunha biblioteca, pois na casa non me daba centrado. Na segunda foio contrario, pecheime na casa a escribir...

**OMI: Cal foi o libro que máis axiña escribiches e canto tempo tardaches? Cal é a túa personaxe preferida?**

BC: Circe foi escrito de xeito case compulsivo. Levoume tempo a preparación, rler a Homero, documentarme sobre os costumes da época no vestir, no comer e decidir o ton da escrita. Logo foi todo moi rápido. En tres meses estabarematada. Morgana foi máis lenta...con mais atrancos, máis relect

uras do texto xa escrito.

A miña personaxe preferida? Dos meus propios libros?

Non sei, é difícil a escolla. Penélope, Circe e Morgana por suposto, pero tamén Laertes, o pai de Ulises, ou o Felipe

de Amancia que lle roubei a Cunqueiro. Gosto moito de Igraine (a nai de Morgana) refuxiándose no "non ser" e da Xenebra que desfai con rabia e alegría o seu tapiz....Gosto do Merlín atormentado que se enfrenta ás súas culpas....é difícil.

### **OMI: Como condiciona a escrita literaria na Galiza a realidade social, o feito de ser muller, de ser galega falante...?**

BC: Condiciona total

e absolutamente. Aínda que sexa narrativa de ficción, eu escribo dende un eu real que se relaciona socialmente e

se posiciona política e eticamente na sociedade na que vive. Os temas poden ser universais, pero a óptica é diferente.

Se fose unha muller africana á que lle extirparon o clítoro a miña visión do mundo mudaría e a miña escrita tamén. Igual pasaría se fose un

home anglosaxón. Ser muller e nacer en Galiza condiciona de seu, escoller ser feminista e apostar pola nosa nación e a nosa lingua

son decisións que están presentes, ou iso pretendo,

en cada novela. Escribo dende un xénero excluído e dende unha lingua minorizada e asumo a responsabilidade que esa escolla conleva. Sentiríame culpable se

as miñas personaxes e as miñas historias traizoasen os meus ideais.

As miñas protagonistas non poderían ser mulleres submisas ou resignadas;

as relacións que defendo non poderían ser convencionais nen seguir o modelo patriarcal.

Do mesmo xeito non podería escribir noutro idioma que non fose o meu, sería traizoar o país e traizoarme a min propia.

Que dúbida cabe de que se algún día a miña obra é traducida e pode ser lida por xente que fala outros idiomas sería un motivo de satisfacción. Pero para min é moito máis importante contribuir, aínda que for modestamente, a consolidar a nosa literatura e o noso idioma.

### **OMI: Que papel pode xogar hoxe a cultura escrita, e a creación literaria, en relación á sociedade e ás transformacións sociais que defendemos desde o feminismo?**

BC: A literatura, a cultura en xeral, non poden ser alleas ás reivindicacións feministas.

A estas alturas ás escritoras que escribimos dende a perspectiva de xénero seguimos a ser clasificadas e reducidas a unha cuadrícula ..-

chámese literatura de mulleres, literatura para mulleres ou literatura feminista...-

isto non acontece cos homes. Poden escribir unha obra inxente onde os seus protagonistas sexan sempre masculinos que ninguén lles vai dicir que fan "literatura de homes" ou literatura para homes", se cadra porque,

no seu concepto patriarcal sería redundante xa que a literatura, a de verdade, a importante segue a ser cousa de

homes. Mesmo poden seguir a propoñer tramas rancias e incluso misoxinas que xamais se falará de escritores machistas nin patriarcais. Eles son

a norma, nós a excepción. Seguimos sendo "o outro" ,

"o diferente", sempre estranxeiras aínda que sexa na nosa terra, sempre coa dificultade de escribir en "lingua allea"

aínda que sexa a nosa lingua. Afortunadamente, cada vez son máis as mulleres conscientes da necesidade de escribir dende a perspectiva de xénero. E subliño o

de conscientes porque a perspectiva esta aí. Os escritores homes tamén teñen esa perspectiva de xénero, do seu, claro. O bon das feministas é que o dicimos abertamente,

non existe a neutralidade, tampouco na literatura, ou defendes o patriarcado ou loitas contra del. Non é posible "pasar", pretender "non tomar partido"

é unha falacia...é tomar partido polo poder, polo status

quo...claro que só a quen quere crebar o establecido se lle sinala e estigmatiza. Algo que

me está a gustar moito nestes momentos é a existencia dunha certa sororidade entre as mulleres escritoras. Sempre hai excepcións, claro,

e quen pon o seu trunfo persoal por riba de todo, pero eu estou a percibir unha certa cor

rente de simpatía entre as escritoras galegas, un saberque “somos todas ou ningunha” coma no resto da vida, e que cantas máis sexamos mellor. Neste sentido celebro acreación de “Sega”, un blog de crítica feminista. Temos no país excelentes críticas literarias, pero moi invisibilizadas. ..defeito case ningunha tiña un blog propio de crítica...pola contra case todos os críticos teñen o seu. O feito de que aparezaese blog e que sexa un proxecto colectivo, vai na liña do que apuntabamos antes...a sororidade, a rede, a creación encomún .....virtudes propias do femismo fronte á defensa a ultranza das individualidades, das figuras, dos “pais”. Nósqueemos un país, unha sociedade e un mundo en rede e colectivo, lonxe do sistema piramidal xerarquizado.

**OMI: *Circe ou o pracer do azul e Morgana en Esmelle* tiveron unha acollida excelente por parte do público. Estás a traballar nalgún outro proxecto?**

BC: Ándanme varias

ideas pola cabeza, algunhas máis avanzadas ca outras, pero é demasiado pronto aínda para consideralas proxectos serios. Estiven 40 anos sen escribir nada e podo perfectamente volver a estalo. Non sinto anecesidade de publicar. O que quero é ser honesta comigo e co público lector. Tentar aportar algo novo e digno en cada obra.

**OMI: Logo**

**do éxito no xénero narrativo, tes en mente estrearte nalgún outro xénero literario?**

BC: A verdade é que non. Non me considero capacitada para a poesía e, de momento, as ideas que me veñen a cabezavéxoas narradas coma novelas ou contos, non como obras teatrais. Son as miñas limitacións

**OMI: Que le Begoña Caamaño? Recomendanos autoras e autores ás persoas do Observatorio.**

BC: Leo

de todo. Hai pouco sufrin unha convulsión na miña vida que me impedía concentrarme na lectura e me refuxieina novela negra máis tradicional . Estiven meses relendo a Agatha Christie e a Anne Perry e

a verdade é que disfrutei. Por certo, creo que deberían ser máis traducidas ao galego.

Ana Romani é unha poeta fundamental na literatura galega canda ela Chus Pato, e Xiana Arias,

Andrea Nunes e María Rosendo entre as máis novas. “*Futuro imperfecto*” de Xulia Alons o é un dos libros que máis fortemente me levan conmovido.

Agora estou lendo a narrativa de Rosalía e veño denamorar dunha escritora estadounidense, Siri Hustvedt. Desafortunadamente non hai aínda nada dela traducida aogalego. “*Todo Cuanto amé*” ou “*La mujer temblorosa*” son dúas obras fascinantes.

O seu marido,

Paul auster, taménme gusta. Recomendo ler ás clásicas, galegas e estranxeiras:

As irmas Bronte, Jane Austen e, como non, Emily Dickinson,

María Xosé Queizán, Marilar Alexandre...E de ensaio: *Reacción*, de Susan Faludi, segue

a ser un texto de enorme vixencia para o feminismo como Marilyn French, Elizabeth Badinter ou Rosi Bradotti. Pero o fundamental é ler,

e ler en galego a poder ser. Encantaríame ser quen de ler a cada autor e autora en versión orixinal, pero como as miñas capacidades non chegan a tanto sería inmensamente feliz se puidese ler en galego todo o que teño que ler traducido ao español.

Fonte: <http://www.observatorioigualdade.org/>

[data de descarga: 21/03/2016]